

# III Plan de Igualdade do concello de Sada

2020  
2025



Concelleria de  
Benestar Social  
e Igualdade





# Índice

Fundamentación	3
Marco metodolóxico	7
Metodoloxía	13
Estudo diagnóstico “A situación da muller en Sada”	29
Principios reitores	45
Eixes estratéxicos	47
Periodización	83



2  
Fundamentación



A sensibilidade do Concello de Sada coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes plásmase por primeira vez nun documento no ano 2005. Nesa data nace o I Plan de Igualdade do municipio que estaría en vigor ata 2008.

Houbo que esperar ata o ano 2014 para dispoñermos do segundo Plan. Este documento fixou as bases da transversalidade e dunhas liñas mestras que contribuíron á redacción do III Plan de Igualdade.

Toda a experiencia pasada permitiunos aprender conservando os acertos de ambos, así como traballar, ao mesmo tempo, os aspectos que quedaron pendentes.

Non foi un camiño doado. Dado que non contabamos con avaliacións anuais do anterior Plan, valorar o sucedido nos últimos catro anos foi unha empresa complicada. O feito de que un 97 % dos obxectivos operativos e un 82 % das accións se abordasen supón un bo balance sen dúbida, mais isto só é un punto de partida que indica que se abordaron eses obxectivos, o que non significa necesariamente que se cumprisen na súa totalidade.

A avaliación dos devanditos documentos revelou a importancia de que o seguinte nacesse da participación. Por esta razón, pediuse a colaboración da cidadanía, da comunidade educativa e das asociacións. Tamén se contou coas diversas áreas municipais.

Porén, era necesario coñecer en que escenario nos encontrabamos. Para esta finalidade, levouse a cabo un estudo diagnóstico da situación da muller en Sada. A partir deste traballo detectáronse varias brechas de xénero, que este Plan pretende axudar a corrixir. Outro dos obxectivos é que fose un documento práctico que se puidese avaliar facilmente. Para iso inclúense medidas e actuacións concretas cos seus respectivos indicadores para

ponderar a realización de cada actuación, co fin de cambiar a realidade do noso municipio. A elaboración do Plan nace tamén duns principios reitores, isto é, transversalidade, participación, empoderamento, diversidade e o impulso do principio de igualdade de oportunidades que guía todo o proceso.

A respecto do marco legislativo, este vén claramente presidido polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ambas as leis concentran a maioría das actuacións.

Desde o ámbito estatal, no pasado mes de decembro de 2017, os distintos grupos parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este Pacto de Estado implica a unión dun gran número de institucións, organizacións e persoas expertas na formulación de medidas para a erradicación da violencia sobre as mulleres. O Pacto significa incidir en todos os ámbitos da sociedade.

Para as medidas destinadas ao empoderamento da muller no ámbito laboral, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, foi chave. A Lei 39/1999 estatal para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras tamén inspira parte desta planificación.





# Marco Metodológico



## Internacional

### ONU

---

- Carta das Nacións Unidas (1945).
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller (1967).
- Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979).
- I Conferencia Mundial sobre a Muller (México, 1975).
- II Conferencia Mundial sobre a Muller (Copenhague, 1980).
- III Conferencia Mundial sobre a Muller (Nairobi, 1985)- IV Conferencia Mundial sobre a Muller (con exames quinquenais) (Beijing, 1995).

### Normativa Europea

---

- Tratado de Roma (1957), onde se recolle a igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores.
- Cume de París (1972), que constitúe o primeiro programa de acción social para asegurar a igualdade laboral na Comunidade Europea.
- Tratado da Unión Europea (Maastricht, 1992), o cal afirma que o principio da igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva.
- Tratado de Ámsterdam (1997).

- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000)
- Tratado do Consello Europeo de Bruxelas (2004), onde se inclúe a igualdade entre mulleres e homes como un valor da Unión.
- Directiva do Consello 2004/113/CE, que aplica o principio de igualdade de trato ao acceso a bens e servizos.
- Directiva 2006/54/CE, relativa á aplicación do principio de igualdade en asuntos de emprego e ocupación.
- Pacto Europeo para a igualdade de xénero 2011-2020

## Normativa Estatal

---

- Constitución Española, cuxo artigo 14 establece a igualdade perante a lei, sen discriminación ningunha por razón de sexo.
- Lei 16/1983, pola que se crea o Instituto da Muller.
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Real Decreto 1686/2000, do 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- Lei 27/2003, do 31 de marzo, reguladora da Orde de protección das vítimas de violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ratificado en decembro de 2017.

### Normativa Autonómica

---

- Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 4 e concordantes).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

## Ámbito local

---

- I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Sada 2005-2008.
- II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Sada 2014-2018.
- Avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Sada 2005-2008.
- Avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Sada 2014-2018.



# 4 Metodología



A metodoloxía empregada para elaborar o III Plan de Igualdade de Sada nace baixo dúas premisas fundamentais: aprender da avaliación dos anteriores Plans e, ante todo, facer a cidadanía partícipe activa no proceso de concepción do novo documento.

A elaboración do Plan consta de varias fases:

### **1ª** Avaliación do II Plan de Igualdade de Sada

Ao avaliar o II Plan de Igualdade, construímos unha guía para acometer este novo documento, aprendendo da experiencia previa para aproveitar os acertos e non repetir erros. En total, quedaron pendentes 13 accións das 74 programadas, o que supón un 18 %. Neste sentido, as ensinanzas máis importantes son as seguintes: conseguir definir os indicadores para facer futuras avaliacións máis sinxelas, incrementar a coordinación entre as áreas municipais, potenciando a transversalidade, e traballar máis estreitamente coa cidadanía.


O feito de que un 97 % dos obxectivos operativos e un 82 % das accións se abordasen supón un bo balance, mais non por iso se trata dun éxito total. Sen dúbida, aínda queda moito por facer.



## 2ª Participación Externa

Un dos principais obxectivos era que o III Plan de Igualdade de Sada contase coa participación da cidadanía, dos centros educativos e das asociacións. A participación máis numerosa, como é lóxico, foi a da cidadanía (38 persoas encheron o cuestionario), seguida dos centros educativos:

### Achegas da comunidade



## Cidadanía


Ata mediados do mes de xuño de 2019, abriuse un período de participación para chegar á veciñanza. Repartíronse decenas de carteis para que estivesen presentes nos diferentes edificios municipais, centros educativos, centros sociais e puntos de interese. Ademais publicouse na web e, en moitas ocasións, en redes sociais. Para participar, era suficiente cubrir un cuestionario en liña, escribir a un correo electrónico

Case un 80 % das persoas que se animaron a participar foron mulleres.

O 100 % das persoas participantes consideraron útil a existencia dun Plan de Igualdade municipal.

Entre as áreas recollidas no Plan, cada persoa enquisada podía elixir as tres que consideraban máis importantes.


### Sexo 38 respostas



Entre as áreas recollidas no Plan, cada persoa enquisada podía elixir as tres que consideraban máis importantes.

A educación foi escollida nun 84 % dos casos, seguida por conciliación, emprego e formación cun 60 %, e, moi de preto, por acción integral contra a violencia de xénero, escollida nun 55 % dos casos.

**Marca as tres áreas que che parecen máis importantes para abordar no futuro Plan de Igualdade.**




O 97 % cre que a igualdade non está conseguida.

Para as persoas participantes os principais obstáculos que encontra a muller son o machismo e os roles asignados (36 %), seguido da discriminación no mundo laboral (2 %) e a falta dunha educación en igualdade (12 %). Séguelles a conciliación, a violencia machista, a repartición de tarefas no fogar e a falta de autoestima.

Ao preguntar se na súa propia pel sufriran algunha discriminación polo feito de seren mulleres, o 78 % responde que si, a maioría laborais, aínda que unha persoa inclúe unha agresión e outras dúas falan de violencia verbal.

Por outra banda, o 92 % admite non coñecer o anterior Plan de Igualdade do Concello de Sada.



As achegas céntranse no apartado da conciliación e na educación en igualdade, recolléndose a maioría nalgunhas das actuacións detalladas en cada eixo.

## Achegas

- Facer talleres ou dar charlas ao alumnado.
- Educación en igualdade de xénero.
- Talleres para fomentar a igualdade en nenos/as de 3-6 anos.
- Incidir na educación (infantil, adolescente, adulta).
- Homes que recoñezan uns privilexios e estereotipos que os prexudican.
- Sensibilización nas aulas.
- Formación para desbotar mitos do feminismo.
- Educación e sensibilización nos colexios, institutos, universidades e institucións.
- Dar exemplo desde as accións do Concello.

## Incluída en

- **Actuación 3.1.1**  
Traballar estreitamente cos equipos directivos e de orientación dos centros educativos en materia de igualdade, proponendo actividades, campañas e talleres.
- **OBXECTIVO 1.2**  
Implicar o persoal municipal na igualdade de xénero, sensibilizar desde a Administración local con exemplos que clarifiquen boas prácticas e garantir a transversalidade nas diferentes áreas municipais.

- Maior apoio para as mulleres: violencia de xénero, conciliación, formación.
  - Máis apoio para as mulleres maltratadas no concello.
- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.2**  
Ofrecer unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.
  - **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3**  
Fomentar entre a poboación a conciliación da vida familiar e laboral desde unha perspectiva de xénero.
  - **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1**  
Mellorar as competencias profesionais das mulleres para facilitar a inserción laboral desde unha perspectiva igualitaria e mellorar as súas posibilidades de contratación.
- Talleres de autoestima, tanto para mulleres como para homes.
  - Se estamos a falar do novo Plan habería que facer previamente a avaliación do anterior.
  - Incorporar medidas de carácter transversal que vertebran todas as áreas en que traballa o Concello, indo alén das áreas nas cales, tradicionalmente, se desenvolveron as medidas en materia de igualdade.
- **Actuación 5.1.2**  
Programas de actividades e prácticas saudables.
  - **Actuación 1.3.1**  
Realizar avaliacións anuais do III Plan de Igualdade de Sada incluíndo estudos sobre a situación da muller no municipio e darlles difusión.
  - **Actuación 1.2.6**  
Implantar o traballo en rede e coordinar as iniciativas das diferentes áreas municipais para dotalas de perspectiva de xénero. EIXE: Transversalidade

- Incorporar a perspectiva da multiculturalidade.
- Incorporar a perspectiva da diversidade.
- Introducir no conxunto de cláusulas dos pregos de contratación puntos relativos á presenza paritaria de mulleres entre o persoal, así como a existencia dun plan de igualdade na empresa.
- Incorporación dunha partida orzamentaria específica para o desenvolvemento de medidas do Plan de Igualdade.
- Elaboración dun protocolo de detección, coordinación e intervención en materia de violencia de xénero, que involucre a todos os axentes implicados (corpos e forzas de seguridade, persoal municipal, eido educativo, eido sanitario, persoal xudicial).
- Deseño dun programa de prevención da violencia de xénero que abrangue os distintos intervalos de idade, desde o eido educativo (educación infantil, primaria e secundaria) ata o asociativo.
- Facilitar o empoderamento e a participación social das mulleres vítimas de dobre discriminación por razón de sexo, diversidade funcional ou especial vulnerabilidade.
- **Actuación 1.2.7**  
Incorporar criterios de igualdade nos procesos de adxudicación e contratación con empresas por parte do Concello.
- Cada ano faise una previsión dos gastos en igualdade que se reserva nos orzamentos.
- **Actuación 6.2.5**  
Impulsar a coordinación coas forzas de seguridade para ofrecer unha mellor atención ás vítimas (dentro desta medida inclúese crear unha mesa de coordinación institucional, en que se protocolizarán as accións nesta materia).
- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1**  
Previr a violencia de xénero en todas as súas modalidades e manifestacións, implicando a toda a comunidade, mediante accións de rexeitamento cara á violencia e de sensibilización social.

- Deseño dun programa de coeducación en igualdade para os ciclos de infantil e primaria, así como para a gardaría municipal.
  - Incluír na oferta de actividades xuvenís actuacións transversais que incorporen a perspectiva de xénero.
  - Ter en conta na oferta cultural e festiva a presenza paritaria de artistas femininas. Concienciación en festas e festivais.
  - Crear unha sección de literatura feminista na Biblioteca Municipal.
  - Un estudo demográfico por sexo e idade.
- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2**  
Promover a perspectiva de xénero, coeducación e corresponsabilidade nas actividades municipais.
  - **Actuación 5.1.5**  
Incluír na programación dos servizos culturais e deportivos actividades que xeren interese tanto para homes como para mulleres, mozos e mozas, e nenos e nenas, de maneira que se cree un ámbito compartido onde introducir a perspectiva de xénero e facer divulgación destas actividades coidando a linguaxe non sexista e evitando estereotipos de xénero
  - **Actuación 2.2.6**  
Promover a participación de mulleres nas actuacións con motivo das festas patronais e evitar os comportamentos machistas nos espectáculos.
  - **Actuación 2.2.5**  
Fomentar a inclusión e a presenza das autoras mulleres ou de obras que difundan valores de igualdade nas actividades culturais do Concello.
  - Estudo diagnose deste Plan.



- Visibilidade das mulleres e dos logros conseguidos.
  - Realización de obradoiros prácticos de sensibilización nas diferentes parroquias.
- **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2**  
Favorecer o empoderamento feminino e a visibilidade social da muller.
  - **OBXECTIVO OPERATIVO 1.1**  
Promover accións de sensibilización e concienciación entre a poboación sobre a importancia de acadar a plena igualdade.

Algunhas das achegas recibidas coincidían coas aquí resumidas, pero si que están as máis representativas.

Noutros casos estanse estudando para poder abordalas no futuro como unha unidade que avalíe os casos de discriminación da muller, tendo un punto de encontro en Sada ou un local de Coworking.

Outras das propostas poden impulsarse desde o Concello pero non dependen estritamente deste, senón principalmente da iniciativa e da vontade cidadás, como é a creación dunha asociación ou colectivo de novas masculinidades.

## Comunidade educativa

Realizáronse reunións co persoal de orientación dos cinco centros educativos de Sada para solicitar as súas propostas. Ademais distribuíuse un cuestionario en liña para repartir entre o profesorado. O 78 % das persoas que o responderon foron mulleres e o 96 % considerou útil un plan de igualdade.

Entre as áreas que lles parecen máis importantes dentro do Plan coinciden coa cidadanía destacando a sensibilización, a educación e a violencia de xénero (todas arredor do 65 %).

Ao preguntar se consideran que o alumnado está sensibilizado coa igualdade e a diversidade, o 60 % di que si, pero non tanto o alumnado, que en teoría si mais na práctica non, ou que lles falta información.

Ao preguntar se se traballa a igualdade no centro, unha esmagadora maioría afirma que si que se traballa, nalgúns casos de forma específica e noutros de forma transversal.

No momento de facer contribucións destacan en todos os casos a educación en igualdade, aínda que achegan diversas iniciativas máis concretas, como algún obradoiro ou charla con mulleres profesionais/ traballadoras. Piden non levar a cabo charlas ou "sesións teóricas", xa que a teoría a teñen máis que escoitada, senón actividades que impliquen a súa mobilización, que sexan activas e dinámicas e levadas a cabo por persoal especializado.

Suxiren achegar materiais (carteis, adhesivos, etc.) e concienciar e formar os pais e as nais. Tamén propoñen desenvolver campañas de sensibilización sobre música machista e denigrante para as mulleres.

A idea de fomentar un taller de pequenas actividades teatrais para que a propia cidadanía de Sada vexa reflectidas as boas e malas condutas na igualdade de xénero pecha as propostas.

## Asociacións

Enviáronse correos electrónicos ás asociacións cun cuestionario específico en liña e mantivéronse reunións con algunhas delas.

O cuestionario foi abordado por mulleres en todos os casos e todas consideraron que o Plan de Igualdade é útil.

Neste caso, o 100 % considerou que a área máis importante que se debía abordar era a educación en igualdade. Ademais o 100 % cre que a igualdade non se conseguiu.

Entre os obstáculos que se encontran para esa igualdade de oportunidades plena inclúense a conciliación, o sistema patriarcal, o traballo desigual e as tarefas etiquetadas en todos os ámbitos; unha das asociacións enquisadas fai un especial fincapé nas dificultades que encontran as mulleres que sofren discapacidade e que teñen que facer fronte a esa dobre discriminación tanto á hora de gozaren de servizos adecuados, accesibles e alcanzables, como de dispoñeren dunha pensión contributiva como fonte de ingreso, ou, se son coidadoras dunha persoa con discapacidade, dunha redución das xornadas e/ou renuncia ao traballo. Tamén se pon de manifesto as dificultades da muller na contorna rural.

En todos os casos consideran que o papel da muller na súa asociación é imprescindible e primordial.

A respecto das propostas, refírense as relacionadas cos obstáculos xa nomeados. Piden accións positivas, unha xornada de intercambio de tarefas entre homes e mulleres, obradoiros de sensibilización, campañas feitas desde a igualdade, desenvolvidas por

mulleres e promocionadas con empoderamento feminino, e educación en igualdade, non só nos centros educativos, senón tamén nas familias.

### **3ª Participación Interna**

Desenvolvéronse diferentes entrevistas con algunhas persoas do persoal técnico responsable de cada área que puideron contribuír ao Plan. Comprobouse que a perspectiva de xénero estaba presente en moitas das áreas.

### **4ª Estudo Diagnóstico**

Paralelamente ás dúas etapas de participación, desenvolveuse a recompilación de datos para o estudo diagnóstico do papel da muller no municipio de Sada.

Este traballo permitiu detectar algunhas brechas de xénero que se pretenden suavizar a través de parte das medidas deste III Plan de Igualdade.

Unha vez máis contamos coa colaboración da comunidade educativa, das asociacións e dos/as técnicos/as do Concello para elaborarmos este estudo.

### **5ª Redacción en Aprobación**

A redacción do Plan foise desenvolvendo ao longo de todo o proceso de elaboración. As diferentes seccións do documento ían tomando forma grazas ás diatintas achegas das persoas e das entidades que colaboraron na súa creación.

O Plan debe ser aprobado pola corporación no Pleno municipal co apoio dos diferentes grupos políticos.

## 6ª Difusión

Ao longo desta etapa, o III Plan de igualdade será difundido a toda a veciñanza, asociacións, entidades, comunidade educativa e áreas do Concello.

A difusión pretende dar a coñecer á comunidade o compromiso coa igualdade do Concello a través do III Plan de Igualdade.

## 7ª Avaliación

A avaliación constitúe unhas das fases máis importantes do proceso. Trátase dunha ferramenta indispensable para concretar os resultados do Plan e avanzar nas áreas que convén mellorar. O obxectivo é que a avaliación sexa un proceso continuo.



# Estudo Diagnose "A situação da mulher em Sada"



## Poboación

No municipio de Sada residen, segundo os últimos datos dispoñibles do Instituto Galego de Estatística, un total de 15.795 habitantes. As mulleres supoñen o 50,43 % do total, en lixeira maioría.

Hai que ter en conta que os totais poden non coincidir coas sumas correspondentes debido a arredondamentos nas estimacións.

Estas cifras están baseadas nas cifras de poboación do INE.




*Datos da poboación de Sada en xaneiro de 2019.*




Mentres que no grupo de idade de cero a quince anos os homes constituían a maioría, as mulleres convértese en rotunda maioría a partir dos sesenta e cinco anos en diante.

**Pirámide poboacional Sada**



**Distribución da poboación por idade e sexo**




Fonte: Instituto Galego de Estatística. Xaneiro 2019.

A pirámide de poboación do municipio mostra unha estrutura avellentada, cun maior envellecemento feminino.

## Emprego

Desde xaneiro a decembro de 2019 o desemprego ataca en maior medida as mulleres que os homes, circunstancia que se repite mes a mes sen excepción.


**Evolución persoas en desemprego. Sada. 2019**



Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Hai máis mulleres desempregadas que homes. Porén, aínda hoxe é moito máis fácil que un home cunha titulación universitaria encontre traballo antes que unha muller.



**Persoas desempregadas por nivel académico e sexo.**



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Decembro 2019.

A respecto da tipoloxía dos contratos, a temporalidade afecta máis os homes, pero a contratación a tempo parcial e temporal, a máis precaria, incide máis nas mulleres.

A respecto da tipoloxía dos contratos, a temporalidade afecta máis os homes, pero a contratación a tempo parcial e temporal, a máis precaria, incide máis nas mulleres.

			TOTAL
<b>Indefinido</b>	13 (11,50%)	9 (9,18%)	22 (10,43%)
<b>Indefinido tempo parcial</b>	6 (5,31%)	6 (6,12%)	12 (5,69%)
<b>Temporal</b>	54 (47,79%)	62 (63,27%)	116 (54,98%)
<b>Temporal tempo parcial</b>	40 (35,40%)	21 (21,43%)	61 (28,91%)

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Decembro 2019.


No tocante ao número de contratos, non hai unha diferenza significativa entre ambos os xéneros, aínda que é lixeiramente máis alto entre as mulleres.

**Persoas afiliadas á Seguridade Social**



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Setembro 2019. Sada.


En relación co número de afiliacións á seguridade social segundo o sector de actividade, pódense observar varias brechas de xénero. Chama especialmente a atención o feito de que algúns sectores continúen sendo principalmente masculinos como a construción ou a industria, mentres que no sector servizos a muller está maioritariamente representada.



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Decembro 2019.


A feminización e a masculinización dos sectores laborais tamén se torna evidente se compararmos as ocupacións máis demandadas por homes e mulleres en Sada.

**Ocupacións máis demandadas no ámbito feminino:**



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Decembro 2019.

**Ocupacións máis demandadas  
no ámbito masculino:**



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Decembro 2019.

## Brechas de xénero

<b>Demanda de emprego</b>	▶ Hai máis mulleres en desemprego.
<b>Feminización e masculinización das ocupacións</b>	▶ A fenda de xénero déixase ver na elección das ocupacións.
<b>Cualificación</b>	▶ A máis cualificación contrátanse máis homes que mulleres.
<b>Tipo de contrato</b>	▶ Aínda que a temporalidade dos contratos é similar entre ambos os xéneros, o traballo a tempo parcial e temporal, o máis precario, é moito máis habitual entre as mulleres.
<b>Sector de actividade</b>	▶ Persisten sectores masculinizados como a construción e a industria, mentres que o emprego feminino se concentra case exclusivamente no sector servizos.

## Emprego

O municipio de Sada conta con cinco centros educativos, os CEIP O Mosteirón, Sada y sus Contornos e Pedro Barrié de la Maza, e os IES O Mosteirón e Isaac Díaz Pardo. Ademais, existen dúas escolas infantís.


A seguir, analizamos os datos facilitados por algúns destes centros educativos desagregados por sexo. Os datos pertencen ao presente curso 2019-2020:



CEIP Sada y sus contornos

Curso	Alumnos	Alumnas	Total
4° EI	7	9	16
5° EI	7	14	21
6° EI	16	9	25
1° EP	17	8	25
2° EP	12	14	26
3° EP	12	14	26
4° EP	10	10	20
5° EP	13	12	25
6° EP	11	12	23
<b>Total</b>	<b>105</b>	<b>102</b>	<b>207</b>


Profesorado




CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Curso	Alumnos	Alumnas	Total
4° Ed. Infantil	10	15	25
5° Ed. Infantil	16	9	25
6° Ed. Infantil	21	5	26
1° Ed. Primaria A	9	4	13
1° Ed. Primaria B	9	5	14
2° Ed. Primaria A	8	6	14
2° Ed. Primaria B	8	6	14
3° Ed. Primaria A	8	7	15
3° Ed. Primaria B	6	8	14
4° Ed. Primaria A	6	10	16
4° Ed. Primaria B	5	9	14
5° Ed. Primaria A	13	7	20
5° Ed. Primaria B	12	8	20
6° Ed. Primaria A	10	7	17
6° Ed. Primaria B	10	8	18
<b>Total</b>	<b>151</b>	<b>114</b>	<b>265</b>


Alumnado por sexo



Claustro



Consello Escolar



**Representación nos órganos colexiados:**

	Homes	Mulleres	Total
<b>Claustro</b>	4	21	25
<b>Consello Escolar</b>	2	12	14

- Equipo Directivo composto por 3 mulleres.

**IES “O Mosteirón”**



Total Alumnado	Homes	Mulleres
106	54	52
<b>Total Profesorado</b>		
17	5	12
<b>Equipo Directivo</b>		
3	1	2

### IES Isaac Díaz Pardo

- Alumnado total do centro educativo desagregado por sexo nenos/nenas.
- Alumnado desagregado por sexo que escolle ciencias ou letras.

Curso	Alumnos	Alumnas	Total
1º ESO	56	43	99
2º ESO	43	49	92
3º ESO	37	51	88
4º ESO Aplicadas	16	10	26
4º ESO Académicas	24	33	57
1º BACH Ciencias	27	15	42
1º BACH Ciencias Sociais	15	20	35
1º BACH Humanidades	3	5	8
2º BACH Ciencias	11	13	24
2º BACH Ciencias Sociais	21	12	33
2º BACH Humanidades	0	8	8
ESA. Módulo III	6	1	7
<b>Total</b>	<b>266</b>	<b>253</b>	<b>519</b>

- Profesorado desagregado por sexo homes/mulleres.



## Brechas de xénero

### Profesorado

Continúan perpetuándose os estereotipos de xénero. A maioría do profesorado son mulleres, profesión feminizada.

### Alumnado

Certos datos son rechamantes. Aínda perduran estereotipos, como o demostra o feito de que en primeiro de bacharelato son 27 os mozos que escollen ciencias e só 15 mozas optan por esta rama do coñecemento, ou de que en segundo de bacharelato non haxa ningún mozo en humanidades.

## Violencia de Xénero

Reunirmos datos sobre os casos de violencia de xénero no municipio é moi difícil. Se pedimos ao xulgado o número de denuncias presentadas non é significativo, xa que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución no 3 de Betanzos non dispón dese dato desagregado por concellos, referíndose só ao partido xudicial de Betanzos, que comprende varios municipios: Sada, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Curtis, Oza- Cesuras, Vilasantar, Sobrado, Aranga, Coirós, Paderne, Miño, Vilarmaior, Pontedeume e Monfero. De todos os xeitos, podemos destacar o feito de que, ata o 11 de outubro de 2017, se rexistraron ao longo dese ano 109 denuncias.

Tamén podemos referirnos ao número de mulleres que por causa da violencia das súas parellas ou exparellas están en atención psicosocial nos Servizos Sociais de Betanzos, que este ano 2019 foron 25 mulleres e os/as seus/súas fillos/as, 7 menores.

Desde Servizos Sociais tramítase e realízase o seguimento do Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO), que, con data de xaneiro de 2020, é utilizado por 5 mulleres residentes no municipio de Sada que usan o servizo por seguridade.



# Principios reitores



Referímonos con este termo ás liñas estratéxicas que guían este Plan e impulsan este documento.

## **1 Transversalidade**

Preténdese que a igualdade de xénero atravesese todas as políticas municipais, mais tamén que impregne os ámbitos sociais, culturais educativos e económicos. O obxectivo é institucionalizar a perspectiva de xénero na totalidade das políticas e actuacións municipais dependentes de todas as concellarías, departamentos e áreas municipais.

## **2 Reforzamento do principio de igualdade de oportunidades**

Guiar as políticas municipais para impulsar este principio da igualdade de dereitos para ambos os sexos pero especialmente que homes e mulleres gocen das mesmas oportunidades, feito que non está conseguido nin no ámbito laboral nin social, nin sequera na repartición de roles dentro do fogar ou do coidado dos/as fillos/as.

## **3 Participación**

Moitas das actuacións aquí recollidas xorden de achegas e propostas de asociacións, centros educativos, profesorado, veciños e veciñas e axentes sociais. Sen participación non é posible a transversalidade.

## **4 Respecto á diversidade e a diferenza**

Diversas capacidades, multiculturalidade e diversidade sexual: celebrar as diferenzas é un espírito que inunda este plan.

## **5 Empoderamento**

Supón a revalorización da achega das mulleres, no sentido de valorar e fortalecer as súas formas de facer, de exercer o poder e de relacionarse. Defínese como o acto de adquirir poder e independencia por parte dun colectivo desfavorecido.



# Eixes estratègics



**Eixe 1:** Sensibilización en Igualdade de Oportunidades.

**Eixe 2:** Empoderamento e participación social.

**Eixe 3:** Educación en Igualdade.

**Eixe 4:** Emprego e formación, conciliación e corresponsabilidade.

**Eixe 5:** Calidade de vida, saúde e benestar.

**Eixe 6:** Acción integral contra a violencia de xénero.

## **Eixe 1:** **Sensibilización en Igualdade de Oportunidades**

### **OBXECTIVO OPERATIVO 1.1.**

Promover accións de sensibilización e concienciación entre a poboación sobre a importancia de acadar a plena igualdade.

#### **Actuación 1.1.1.**

Divulgar campañas, materiais, guías e recursos tanto de elaboración propia como doutras institucións en materia de igualdade de xénero e prevención das violencias machistas.

Poboación destinataria	Indicadores
Toda a poboación.	Nº de campañas, materiais, guías e recursos divulgados.

### Actuación 1.1.2.

Programar actividades de sensibilización durante todo o ano e, especialmente, en datas dedicadas á muller.

Poboación destinataria	Indicadores
Toda a poboación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de actividades.</li> <li>• Nº de participantes.</li> <li>• Tipoloxía e contido das actividades.</li> <li>• No actividades de difusión.</li> </ul>

### Actuación 1.1.3.

Difundir as iniciativas do Concello nesta materia a través de nota de prensa, da web e das redes sociais municipais, dotando dun novo impulso a igualdade de xénero nos contidos.

Poboación destinataria	Indicadores
Toda a poboación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de notas de prensa.</li> <li>• Nº de publicacións en redes sociais.</li> <li>• Nº de novas nos medios.</li> </ul>

**Actuación 1.1.4.**

Incluír na web un apartado específico destinado á igualdade.

Poboación destinataria	Indicadores
Toda a poboación.	Presenza dos contidos na web.

**OBXECTIVO OPERATIVO 1.2.**

Implicar o persoal municipal na igualdade de xénero, sensibilizar desde a Administración local con exemplos que clarifiquen as boas prácticas e garantir a transversalidade nas diferentes áreas municipais.

**Actuación 1.2.1**

Difusión externa e interna do III Plan de Igualdade do Concello de Sada.

Poboación destinataria	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toda a poboación.</li> <li>• Asociacións Centros educativos.</li> <li>• Axentes sociais.</li> <li>• Persoal do Concello.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de carteis, exemplares, dípticos.</li> <li>• N° actuacións de difusión.</li> <li>• Presenza nos medios de comunicación.</li> <li>• N° de xuntanzas para presentar o Plan.</li> </ul>

**Actuación 1.2.2.**

Difundir recomendacións entre o persoal do Concello para reducir os usos sexistas na

documentación municipal, incorporando na web do concello o acceso ás recomendacións da utilización da linguaxe non sexista da Secretaría Xeral de Igualdade:

<http://igualdade.xunta.es/es/node/177#docsoficiais>

Poboación destinataria	Indicadores
Persoal do concello.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de comunicacións ao persoal.</li> <li>• Presenza da ligazón na web municipal.</li> </ul>

### Actuación 1.2.3.

Esixir desde o Concello o uso de imaxes e mensaxes non sexistas na cartelaría e nas publicacións.

Poboación destinataria	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal e técnicos/as do Concello.</li> <li>• Toda a poboación.</li> </ul>	Existencia do compromiso e a súa realización.

### Actuación 1.2.4.

Implicar os medios de comunicación na adopción da linguaxe inclusiva, mediante as notas de prensa e as comunicacións municipais.

Poboación destinataria	Indicadores
Medios de comunicación.	Emprego de linguaxe e imaxes non sexistas nas notas de prensa e comunicacións aos medios.

**Actuación 1.2.5.**

Difundir entre o persoal municipal todas as oportunidades de formación en materia de igualdade que existen a nivel estatal, autonómico, a través dos diferentes organismos e entidades (Deputación, EGAP, FEGAMP, Ministerio).

<b>Poboación destinataria</b>	<b>Indicadores</b>
Persoal municipal.	Nº de actos de difusión dos cursos.

**Actuación 1.2.6.**

Implantar o traballo en rede e coordinar as iniciativas das diferentes áreas municipais para dotalas de perspectiva de xénero.

<b>Poboación destinataria</b>	<b>Indicadores</b>
Persoal técnico das diferentes áreas.	Nº de coordinacións realizadas.

**Actuación 1.2.7.**

